

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA REALIZAR AS REPARACIÓNS NECESARIAS NO CEIP SAN XOÁN DE FILGUEIRA DE XEITO URXENTE

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para realizar as reparacións necesarias no CEIP San Xoán de Filgueira de xeito urxente.

Exposición de motivos

A mella inexorable do paso do tempo e a falta de vontade política preséntanos un panorama de deterioro e abandono total nalgúns centros públicos onde lévase a cabo a educación dos nenos e nenas, polo que non deberían de atoparse nestas condicións tan desastrosas. Proba disto é o CEIP San Xoán de Filgueira, que dende fai anos precisa de arranxos, en maior ou menor envergadura, que foron solicitados en reiteradas ocasións e nunca tiveron éxito dando lugar a unhas instalacións lamentables a día de hoxe.

Vendo o estado no que se atopa o centro San Xoán de Filgueira, onde asisten nenos e nenas de todas as idades, parécenos máis que xusto presentar esta moción solicitando unha intervención urxente para reparar todo o necesario para que a actividade educativa poida desenvolverse dun xeito normal, pois agora mesmo, o estado das instalacións está a causar numerosos inconvenientes para o alumnado, profesorado e pais e nais que acoden cada día ao centro, ademais de ser un risco para os nenos e nenas que asisten a clase.

O muro perimetral do recinto presenta dende fai anos un deterioro continuo e unha falta de mantemento total que provoca fendas de gran tamaño que deixan ao descuberto a estrutura de ferro interior, ademais dos continuos desprendementos de cemento e a posibilidade de derrubamento co risco que isto supón.

Así mesmo, o cerrado que linda coas fincas privadas mediante postes metálicos e malla forrada practicamente xa non existe e en moitos casos os animais que se atopan nestas fincas entran no recinto escolar ou os propios nenos e nenas saen ás fincas anexas. Ademais, a vexetación dalgunhas fincas precisan dun maior control para evitar situacións coma as que se están a dar, nas que se invade o recinto educativo.

O pavimento do edificio de educación infantil estase a desfacer por debaixo das planchas de PVC termoselado, leváronse a cabo algunhas pequenas intervencións que funcionan coma parches, pero a situación segue a ser a mesma pois segue a desprenderse o pavimento noutras zonas, co risco de tropezos e caídas e máis tendo en conta que sucede na zona dos nenos e nenas máis pequenos.

A cuberta do pavillón polideportivo é unha necesidade absoluta pois atópase gravemente deteriorada, acusando oxidación, filtracións de auga e goteiras o que provoca inundacións e condensacións que impiden a práctica deportiva e dana o material deportivo. É importante destacar, que neste pavillón adestran outros clubs deportivos que moitas veces non poden realizar a súa actividade polo estado no que se atopa o pavillón.

Os accesos do alumnado ao propio centro e ao pavillón encóntranse nun estado lamentable, pois cando chove, anégase toda a zona e convértese nunha charqueira con terra e barro poñendo en graves apuros ao alumnado e aos seus pais e nais.

Todas estas cuestións non só causan verdadeiros problemas na comunidade educativa se non que fai moi difícil defender unha educación pública de calidade se as propias administracións públicas non cumpren coa súa parte e non realizan o mantemento, os arranxos e as obras necesarias para ter uns centros educativos en condicións e sen riscos para os menores.

Por outra banda, todas estas cuestións deberían de estar en coñecemento do órgano creado para organizar e recoller as demandas dos centros educativos, o Consello Escolar Municipal, que foi convocado unha única vez en todo o mandato.

Por todo isto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno municipal á convocatoria do Consello Escolar Municipal e retomar a súa función coma órgano canalizador de todas as demandas dos centros escolares.
2. Instar ao goberno municipal a realizar as obras e reparacións no CEIP San Xoán de Filgueira relativas as súas competencias de xeito urxente.
3. Instar á Xunta de Galicia a realizar as obras e reparacións no CEIP San Xoán de Filgueira relativas as súas competencias de xeito urxente.

Ferrol, 23 de xaneiro de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común